

FILGUEIRA VALVERDE, ALCALDE DE PONTEVEDRA

Rafael L. Torre
Historiador e xornalista

Resumo: Filgueira Valverde foi alcalde de Pontevedra, procurador en Cortes e conselleiro de Cultura; con todo a súa vertente política resultou ata agora a menos estudada da súa colosal biografía. Como rexedor da cidade do Lérez, mostrouse escrupuloso coa facenda municipal e multiplicou por tres o orzamento do Concello en oito anos e medio. Tamén realizou un magnífico labor deportivo, cultural e educativo, cuxa herdanza aínda perdura na actualidade. O urbanismo plasmou o mellor, pero tamén o peor de Filgueira como alcalde. A cara foi a firme protección da zona vella, e a cruz resultou o absoluto descontrol do novo ensanche que, ao cabo, desencadeou a súa renuncia irrevogable. Nunca renegou do seu paso pola alcaldía, pero tampouco sentiu especialmente satisfeito.

Abstract: The political career of Filgueira Valverde as Major of Pontevedra is lesser known than other dimensions of his long biography. He considerably increased the city's budget and implemented measures in the areas of Sports, Culture and Education whose legacy still remains today. His measures in the area of town planning were however more controversial. Although Filgueira never regretted the time he spent as Major of Pontevedra, he was never fully satisfied with his involvement in local politics.

Palabras chave: Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra, política municipal.

Key words: Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra, local politics.

A faceta política de Xosé Fernando Filgueira Valverde dentro da súa actividade pública seguramente foi a parte máis obviada e menos estudada da súa colosal biografía, a pesar da súa notable importancia e da súa especial significación na súa proxección social. Esta circunstancia constitúe por si mesma todo un síntoma bastante elocuente de que, por unhas ou outras razóns, a súa vertente política non espertou moito entusiasmo entre investigadores e estudosos da súa personalidade, da súa obra e do seu legado.

Non obstante, Filgueira implicouse de cheo na política activa ao principio, no medio e ao final da súa traxectoria vital, aínda que con longas parénteses intercaladas. Sempre tomou o seu tempo. E fíxoo de distintas formas, en contextos históricos ben diferentes: primeiro, durante a República; despois, no Franquismo, e finalmente durante a Monarquía actual, en plena efervescencia de Galicia como comunidade autónoma.

Ao principio da súa vida, cando aínda era un mozo de vinte anos, viviu o fulgor da República e tivo unha participación moi activa no Partido Galeguista (PG).

Como resulta ben sabido, Filgueira non foi un militante máis, senón que desempeñou cargos orgánicos na estrutura e consolidación do PG durante os primeiros anos trinta. O seu maior protagonismo coincidiu co tempo en que exerceu como secretario técnico entre 1931 e 1933 tras a súa elección directa pola histórica Asemblea Constituínte que tivo lugar en Pontevedra.

Logo interveu activamente como punta de lanza na soada escisión acaecida en 1935, que enseguida derivou na fundación do grupo pontevedrés Dereita Galeguista. Precisamente el foi o seu principal ideólogo.

De modo que durante seis anos, Filgueira fixo política de partido pura e dura entre 1930 e 1936. Esta foi, sen dúbida, a parte máis estudada da súa actividade como político. Por esa razón resulta bastante coñecida e non constitúe materia desta intervención.

Ao final da súa vida, cando probablemente el mesmo consideraba máis que cumprida a súa actividade pública, adquiriu un protagonismo nada desprezable a partir de 1982 como conselleiro de Cultura nos dous primeiros gobernos de Gerardo Fernández Albor á fronte da Xunta de Galicia. A longa man de Fraga Iribarne na súa designación deuse por descontada¹.

Filgueira mostrou entón o seu talante máis aberto e buscou con empeño a conciliación e o acordo entre as distintas sensibilidades dun Parlamento galego, plural e heteroxéneo, sobre todo moi rico en políticos capaces e personalidades relevantes.

Naquel tempo lograronse meritorios acordos para o desenvolvemento inicial do Estatuto de Autonomía que, á súa vez, impulsaron algunhas leis consensuadas de marcado acento galeguista: entre outras, a propia Lei de Normalización Lingüística, a Lei de recoñecemento da galeguidade, ou o establecemento do Consello da Cultura Galega, cuxo primeiro presidente acabou sendo o propio Filgueira.

1 Manuel Fraga manifestou sempre unha consideración especial cara a Filgueira, a quen recoñeceu como mestre.

Tampouco nesta etapa mellor recordada pola súa proximidade temporal vou incidir moito máis, posto que o acento desta intervención ten que descansar obrigatoriamente sobre o seu período á fronte do Concello de Pontevedra. O estudo detallado dese momento crucial na historia recente da capital do Lérez explica a miña participación nesta mesa redonda, á conta do libro recentemente editado *Filgueira Valverde. Crónica de una alcaldía, 1959-1968*².

Esta disertación non se vai centrar principalmente no contido do libro para non repetir pasaxes nin valoracións xa expostas, tendo en conta a súa presentación aínda próxima. Polo contrario, vaise referir a algúns episodios menos desenvolvidos nas súas páxinas por unha mera razón de espazo e grosor: as 600 páxinas iniciais houbo que comprimilas en 350, que á fin e ao cabo pareceron suficientes para unha obra máis periodística que histórica, de carácter divulgativo, aínda que non por iso menos rigorosa³.

Filgueira Valverde era *facedor*: sempre estaba urdindo proxectos ou maquiñando ideas; sempre estaba dicindo que era o que había que facer, aquí e alá, con isto ou con aquilo. Por iso deu un paso á fronte cando entrevistou a súa oportunidade sobrevida para ser alcalde, e por iso no fin de contas nomeárono alcalde. Tiña na cabeza unha infinidade de cousas que facer por e para a súa querida Pontevedra.

Unha vacante accidental da alcaldía de Pontevedra⁴ puxo en marcha a xénese da súa designación, envolta por algún que outro misterio non descifrado aínda hoxe. Por causas descoñecidas, ese período prolongouse por espazo de case seis meses, un prazo inhabitual para a candidatura de calquera alcalde no franquismo.

Non existe ningunha certeza sobre a persoa ou persoas que resultaron determinantes na elección de Filgueira como alcalde⁵, nin tampouco cal foi o motivo principal polo cal a cadeira principal do Concello de Pontevedra permaneceu sen

2 Libro editado por Tekla Comunicación para o Faro de Vigo en xuño do ano 2015, baixo o patrocinio da Consellería de Urbanismo e Obras Urbanas do Concello de Pontevedra, con motivo do Día das Letras Galegas en homenaxe a Filgueira Valverde.

3 O libro está baseado principalmente nas actas oficiais dos plenos e as permanentes, incluso dalgunhas comisións informativas. Tamén se apoia na información emanada do Concello na prensa da época, tanto por medio da oficina de información que organizou Filgueira, como a través das súas declaracións públicas. Archivo Municipal, *Faro de Vigo*, *El Pueblo Gallego* e *Diario de Pontevedra*.

4 O presidente da Deputación Provincial, Luís Suárez-Llanos Penacho, morreu repentinamente o 24 de maio de 1959 e para ocupar o seu posto foi designado algunhas semanas despois o alcalde de Pontevedra, Prudencio Landín Carrasco. Mentres non se nomeou o substituto, que en definitiva resultou Filgueira, desempeñou o cargo en funcións o primeiro tenente de alcalde, José Luís Peláez Casalderrey.

5 O coronel de aviación José Pazó Montes e o subdirector do Museo del Prado, Francisco Javier Sánchez-Cantón, dous pontevedreses moi influentes en Madrid, parece que axudaron moito a Filgueira para conseguir o seu propósito.

ocupar tanto tempo. Algunha hipótese para tratar de explicar esa longa interinidade resulta totalmente inverosímil⁶.

Nin sequera as súas axendas persoais, orientadoras nalgúns casos e iluminadoras noutros, sobre todo para seguir os últimos pasos ata a súa renuncia irrevogable, achegan ningunha pista fiable sobre o quid do seu nomeamento.

ALCALDE PRESIDENCIALISTA

O ministro da Gobernación, Camilo Alonso Vega, rubricou tal designación o 27 de outubro de 1959, a proposta do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez. Iso estableceu a historia oficial, pero a intrahistoria detallada foi outra, sen dúbida, a vulgar por tan longa xestación.

Despois resultou que Xosé Fernando Filgueira Valverde foi o alcalde que permaneceu ata entón máis tempo á fronte do Concello de Pontevedra; un período de oito anos e medio entre 1959 e 1968, unicamente superado máis tarde por José Rivas Fontán tras as primeiras eleccións democráticas de 1979⁷.

Curiosamente Filgueira presentou unha renuncia, non aceptada, a finais de 1966. Foi despois de cumprir dous mandatos de tres anos cada un, período estipulado daquela para celebrar eleccións municipais e renovar a metade de cada corporación municipal. El creu naquel momento que debía facelo e deixar paso a sangue novo, convencido de que o seu tempo como alcalde estaba xa esgotado. Pero o gobernador civil, Ramón Encina Diéguez, bo amigo seu, non aceptou unha dimisión pouco convincente.

Filgueira deixouse convencer para seguir na alcaldía e aquel ano e medio seguinte converteuse nun calvario. Máis lle tería valido marchar a tempo; aforraría algún desgusto serio.

Politicamente falando, Filgueira foi un alcalde presidencialista que, pouco a pouco, soltou lastre e repartiu xogo. Co paso do tempo cedeu algunhas competencias e responsabilidades aos seus tenentes de alcalde, sobre todo da súa última corporación, formada a principios de 1967.

Daquela todos os alcaldes eran presidencialistas, porque non cabía outra forma de xestionar un concello. Ademais, a Filgueira gustáballe moito mandar. As sucesivas corporacións que coñeceu durante aqueles oito anos e medio delegaron

6 Non é certo que Filgueira condicionara o seu nomeamento como alcalde á garantía de non converterse en xefe local do Movemento. Naquel tempo, ambos os cargos xa estaban disgregados. Nunha capital de provincia como Pontevedra, unha persoa era alcalde (Filgueira) e outra distinta era xefe local do Movemento (Olimpio Liste).

7 José Rivas Fontán estivo á fronte do Concello de Pontevedra durante doce anos en tres períodos consecutivos, desde 1979 ata 1991. Logo entrou Miguel Fernández Lores en 1999 e superou todos os récords de permanencia á fronte do Concello de Pontevedra, xa en pleno século XXI.

decote na súa persoa para todo: cerrar acordos, xestionar proxectos, negociar subvencións e unha infinidade de actividades. Unha responsabilidade que el asumiu case sempre con agrado, como inherente ao cargo.

Durante toda a súa etapa á fronte da alcaldía pontevedresa conviviou con catro corporacións e trinta e sete edís dispaes, en cuxa elección non tivo ningunha participación, nin tan sequera influíu, salvo nalgún caso moi puntual⁸. Eran os concelleiros dos terzos: sindical, de entidades e familiar, tal e como establecía a Lei de Bases de Réxime Local desde o ano 1945. O alcalde non interviña na elección dos concelleiros, pero tampouco os concelleiros elixían o seu alcalde. En tal contexto a convivencia non sempre resultaba fácil.

Con algúns edís Filgueira tivo as súas complicacións e inconvenientes. Mentres uns exerceron de “tocapelotas”, outros mesmo lle presentaron a súa dimisión. A pesar desas discordancias, a unidade de acción prevaleceu de forma maioritaria en todas as súas corporacións, por riba dos desgustos puntuais e das discrepancias inevitables. Nunca se queixou en público e daquela cohesión xeral mostrouse moi orgulloso na súa elocuente despedida.

A política municipal resultaba onte igual ca hoxe a menos ideoloxizada e a máis pegada á rúa e ao cidadán entre todas as formas habidas e por haber de facer política. Á fin e ao cabo, en política municipal obras son amores e sobran as razóns. Iso sabíao moi ben Filgueira cando accedeu á alcaldía. E non ignoraba tampouco que facía falta diñeiro contante e soante para executar tantos e tantos proxectos como tiña na súa cabeza ou levaba na súa carteira.

A través dunhas anotacións meramente enunciativas, cando non crípticas, nas súas minúsculas axendas persoais⁹ coñecemos as primeiras actividades de Filgueira tras recibir a confirmación do seu nomeamento como alcalde de Pontevedra. Entre a súa designación e a súa toma de posesión mantivo dúas reunións co interventor municipal no prazo dunha semana. Unha en solitario e outra en compañía de toda a corporación. A súa significación resulta evidente: as contas, claras, desde o primeiro momento.

Filgueira non recibiu un concello endebedado, senón bastante saneado, cousa que sempre recoñeceu e agradeceu aos seus antecesores inmediatos. A facenda local estivo sempre baixo o seu control directo e nunca dilapidou unha peseta. Logo tal como o recibiu, tal como o entregou de novo ao seu predecesor, Ricardo

8 Daquela asegurábase que ningún candidato chegaba a converterse en concelleiro sen a venia imprescindible de Antonio Puig Gaité, todo un poder na sombra pola súa condición de conselleiro nacional do Movemento.

9 Axendas persoais Cosmopol de carácter trimestral, pertencentes aos fondos da Fundación Filgueira Valverde e depositadas no Museo de Pontevedra. Todas as súas anotacións en letra minúscula son moi concisas: reunións, citas, comidas, actos, clases etcétera.

García Borregón, sen comprometer en ningún caso o seu estado financeiro, aínda que tirou do crédito cando pensou que os proxectos en cuestión requirían un esforzo inversor.

Á súa chegada ao Concello atopouse cun orzamento municipal recentemente aprobado para o ano 1960 por un importe total de 19,5 millóns de pesetas, entre o presuposto ordinario e o presuposto de urbanismo¹⁰. Oito anos despois, cando abandonou a alcaldía, o orzamento municipal para 1968 ascendeu a 57,5 millóns de pesetas. É dicir, unha cantidade tres veces maior.

En termos xerais, un incremento orzamentario tan notable equivalería a unha magnífica xestión desde a perspectiva actual. Non obstante, en termos relativos, Filgueira nunca ocultou unha certa insatisfacción. O Concello non puido seguir o ritmo endiañado dunha cidade en expansión. Sempre andou a remolque dunha Pontevedra que progresaba moi á présa.

Cada ano que pasaba, o alcalde, o seu concelleiro de Facenda e o interventor querían “estar á altura e responder á demanda dunha cidade como Pontevedra”, en palabras do propio Filgueira. Como boamente podían trataban de equilibrar gastos e ingresos, pero os primeiros sempre superaban abondo os segundos e obrigaban a un auténtico encaixe de palillos, só posible a base de recortar os gastos e estirar os ingresos.

Aquela Pontevedra da política española de desenvolvemento ou expansión do sistema económico dos anos sesenta reclamaba unha e outra vez, de forma insaciable, novos e mellores servizos municipais. Pero presentaba ao mesmo tempo moitas reticencias á hora de pagar máis taxas e impostos¹¹ para cubrir os seus custos disparados.

De forma sistemática Filgueira practicou desde a alcaldía unha liña de moderación e de realismo na súa política económica, fronte a calquera tentación de dispendio ou de ir un pouco máis alá das súas posibilidades efectivas. Iso foi bo para unhas cousas e malo para outras.

OBRAS SON AMORES

Ademais de coñecer detalladamente a situación económica das arcas municipais desde o primeiro día á fronte do Concello, Filgueira dispuxo dunha valiosa radiografía da cidade naquel tempo que indicaba os seus déficits máis importantes.

Baixo a súa dirección profesoral, María del Carmen Luces Gil realizou un traballo para a súa graduación na Escola de Ensino Social de Santiago de

¹⁰ Daquela existía ese dobre continxente orzamentario por imperativo legal, unha dualidade que non cambiou mentres Filgueira estivo na alcaldía.

¹¹ A Cámara de Comercio, Industria e Navegación e o *Diario de Pontevedra* mantiveron ao unísono unha postura belixerante contra a creación de taxas e a subida de impostos por parte do Concello.

Compostela que titulou *Bases estadísticas para el estudio del nivel social y económico de un municipio de Galicia: Pontevedra 1960*¹². Alí estaba sintetizado todo o que necesitaba saber Filgueira para botar a andar con coñecemento de causa.

Filgueira tocou todos os paus da política municipal; non deixou nada a un lado de maneira premeditada por falta de sintonía. Por vontade propia sacoulles moitas, moitas, moitas horas ás súas responsabilidades compartidas á fronte do Instituto e do Museo, para centrarse no Concello.

A cabalo entre Pontevedra e Madrid, onde dispuxo dunha cadeira nas Cortes de Franco, que lle veu ao pelo para establecer relacións, conseguir axudas e encamiñar proxectos, Filgueira resultou inaccesible ao desalento na busca dunha subvención ou na defensa de tal ou cal proxecto.

Entre as actuacións máis importantes ou as realizacións máis significativas de Filgueira durante a súa estancia á fronte do Concello de Pontevedra, el mesmo elixiu catro no seu discurso de despedida o 10 de xuño de 1968: o desecamento de As Xunqueiras, un proxecto histórico de longa proxección; a adquisición do campo de Pasarón á familia Paz-Andrade, en plena euforia do equipo granate cando empezou a construír a lenda do “hai que roelo”; a construción do Pavillón dos Deportes, que asinou o arquitecto Alejandro de la Sota, a quen cariñosamente considerou o seu “irmán menor” pola súa estreita relación familiar; e o asentamento do CIR (Centro de Instrución e Recrutamento) en Figueirido, a guinda da súa boísima relación co estamento militar posta de manifesto en diversas ocasións¹³. Todo o mundo sabe que Filgueira nunca destacou como gran deportista; nin como practicante na súa xuventude, nin sequera como afeccionado despois a algún deporte. Non obstante, realizou unha magnífica xestión neste ámbito, ata o punto de que probablemente resultou a máis frutífera no seu conxunto polos seus incuestionables resultados.

Á compra do campo de Pasarón e á construción do Pavillón dos Deportes, dous fitos non superados ata agora, hai que sumar a decisiva contribución municipal á construción da primeira piscina pública que tivo a cidade e que se instalou no Estadio da Xuventude, un vello anhelado satisfeito en 1965.

Igualmente cobra agora todo o seu significado o protagonismo adquirido pola cidade medio século atrás dentro da Volta Ciclista a España, unha presenza ata entón frustrada por múltiples razóns nas súas edicións sucesivas. Unha xestión persoal de Filgueira uniu moitas vontades e obrou un milagre que parecía irrealizable.

12 Ese traballo foi publicado no número 2 do *Boletín* do Concello de Pontevedra, correspondente ao segundo semestre de 1960.

13 Probablemente a súa estreita relación co tenente xeneral Fermín Gutiérrez Soto, capitán xeneral da 8ª Rexión Militar de Galicia, e logo presidente do Consello Superior de Xustiza Militar, lle abriu moitas portas. Filgueira promoveu a concesión da medalla de ouro da cidade a Gutiérrez Soto en 1960, cando o xeneral xa ostentaba a distinción de fillo adoptivo.

Por vez primeira Pontevedra acolleu cos brazos abertos en 1965 a chegada do pelotón multicolor. O nunca visto. O éxito foi tan grande que repetiu a súa participación no evento ciclista dous anos despois, aínda que en 1967 a cidade non recibiu, senón que despediu os corredores nunha animada saída desde a Alameda.

Aquelas dúas etapas, con chegada e saída da Volta Ciclista a España, marcaron outro pequeno fito para o deporte pontevedrés. Tal acontecemento non se volveu repetir ata 2011, case cincuenta anos despois.

A xestión deportiva de Filgueira non resultou boa só pola execución de grandes proxectos e a súa aposta por importantes eventos, senón porque tampouco esqueceu o deporte base. Un plan municipal de instalacións deportivas que deseñou ao comezo do seu mandato estableceu uns obxectivos xerais que logo cumpriu estritamente; sobre todo no que se refire á construción de campos de fútbol en varias parroquias.

O labor de Filgueira en materia de educación desde a alcaldía tamén ofreceu un balance moi favorable, pero a priori resultaba máis que previsible pola súa condición profesoral e a súa recoñecida xestión á fronte do Instituto de Ensino Medio.

Con carácter xeral, a súa pegada deixouse notar moito nas zonas rurais a través dun plan xeral para atender as súas carencias básicas. Ano tras ano non deixou de acometer novas construcións escolares e de satisfacer alugueiros de locais para ampliar máis e máis as prazas dispoñibles.

A súa presenza na inauguración do grupo escolar Álvarez Limeses no centro da capital, aos poucos días de acceder á alcaldía, resultou premonitoria do seu empeño posterior. Enseguida asinou o alugamento dunha casa en Pazos-Marcón para acoller unha escola de nenos e outra de nenas, ademais dunha vivenda para a mestra. E todo o resto chegou rodado: escolas e máis escolas, ano tras ano, a través da Xunta Provincial de Construcións Escolares.

A principios dos anos sesenta comezou a implantación en España dos comedores escolares para os nenos necesitados, e o Concello de Pontevedra non quedou atrás. O citado grupo escolar Álvarez Limeses e a Escola Graduada Anexa, os dous centros con maior número de alumnos de todo o municipio, foron os primeiros en dispoñer de comedores escolares, en tanto que o colexio de Lourizán levou a palma no ámbito rural.

Aí non acabou, nin moito menos, a súa achega en materia educativa. Da súa xestión persoal saíron os terreos cedidos ao Ministerio de Educación para a construción de senllos edificios destinados á Escola de Maxisterio e á Escola de Mestría Industrial, que viu felizmente materializados.

Logo recibiu unha casona ocupada ata entón pola Administración de Aduanas no número 7 da rúa Alfonso XIII, que pasou a situarse no Porto de Marín. Aquel local albergou enseguida o Conservatorio de Música tras o acondicionamento oportuno. Alí cumpriu 75 anos o mestre Antonio Iglesias Vilarelle, que supuxo o punto final da súa dilatada traxectoria musical.

Desde unha perspectiva puramente política, unha das poucas satisfaccións que recibiu Filgueira durante a prolongación da súa estancia na alcaldía, despois da renuncia non aceptada a finais de 1966, foi o notable respaldo que obtivo nas eleccións a procurador en representación familiar de 1967.

Pola súa condición de alcalde dunha capital de provincia, Filgueira tivo reservado un lugar nas Cortes e alí ocupou o seu sitio desde 1959. Pero quixo revalidar tal condición a través daquel sistema electoral un tanto peculiar e uniu a súa sorte a Rafael Portanet Suárez, alcalde de Vigo, na súa mesma situación e co seu mesmo empeño. Ambos urdiron unha xogada política de risco calculado, aínda que non exenta dalgunha continxencia imprevista. Pero o asunto saíu ben.

Portanet e Filgueira conformaron unha candidatura gañadora baixo o lema: “Por una Galicia unida. Por una España mejor. Pontevedra y Vigo para la provincia”. Aquilo non foi un pacto conxuntural. Filgueira nunca se cansou de buscar o mellor entendemento entre ambas as cidades e, por conseguinte, de evitar calquera rivalidade malsá. Con aquela alianza política, ambos os dous alcaldes predicaron co mellor exemplo posible.

A candidatura Filgueira-Portanet logrou unha gran vitoria nas eleccións celebradas o 10 de outubro daquel ano, posto que sacaron unha gran diferenza a todos os seus competidores e ocuparon as dúas prazas de procuradores en liza. Ademais Filgueira tivo a satisfacción engadida de resultar o candidato máis apoiado en toda a provincia con 109.542 votos, fronte aos 101.225 votos de Portanet¹⁴.

Esta designación directa prolongou en definitiva a vida política de Filgueira tras abandonar a alcaldía, posto que mantivo a súa cadeira nas Cortes ata o final da lexislatura en 1971.

CARA E CRUZ DO URBANISMO

O urbanismo plasmou o mellor, pero tamén o peor, cara e cruz de Filgueira á fronte do Concello. O mellor foi a firme protección da zona vella, pero o peor resultou o absoluto descontrol do novo ensanche. Custa non pouco entender como ambas as dúas cousas sucederon ao mesmo tempo e baixo o mandato dun mesmo alcalde. Tal explicación non resulta sinxela.

Filgueira foi un bo alcalde porque salvou a zona vella. Pero cabería igualmente o aserto contrario. Filgueira foi un mal alcalde porque non puido co caos urbanístico.

De portas a dentro da zona monumental, todo é inalterable; de portas a fóra, todo é negociable.

¹⁴ Esta valoración realízase sen entrar a considerar a limpeza electoral propiamente dita, bastante mediatizada polas distintas estruturas do réxime imperante, que merecería capítulo á parte.

Se Filgueira non pronunciou nalgún momento do seu mandato esta aseveración tan rotunda, desde logo pensouna e tamén a puxo en práctica, segundo a súa persoal e coñecida forma de facer.

Especialmente nos seus oito anos como rexedor municipal, pero antes e tamén despois, protexeu con firmeza canto monumento, edificación, rúa ou ornamento formaba parte da zona antiga, como pegada indeleble da Boa Vila. Unha crenza bastante estendida atribuíu daquela e segue atribuíndo hoxe a Filgueira un labor tan encomiable de protección e coidado da zona antiga, que por si só xa xustificaría o seu paso pola alcaldía pontevedresa.

Entón produciuse a irrupción dos rañaceos nunha cidade cuxa normativa urbanística non consideraba a construción de ningún edificio con máis de cinco plantas. O paradigma por excelencia dunha construción imparable foi As Torres, un edificio que comezou con sete plantas e acabou con catorce, tras sucesivas autorizacións municipais.

As Torres abriu a espita dun crecemento incontrolado, sempre en vertical, nunca en horizontal. A continuación chegaron outras moitas construcións moi potentes no centro urbano, que o Concello autorizou para non beneficiar a uns en detrimento dos outros; ese foi un argumento moi manido. Pero os rañaceos recibiron unha aceptación xeral porque se interpretaron como símbolo rotundo do ansiado progreso.

A partir de 1967, o cariz que tomou a situación de descontrol obrigou a tomar cartas no asunto á Comisión Provincial de Urbanismo, un órgano executivo á sombra do Goberno Civil, que decretou varias paralizacións e mantivo un enfrontamento insólito co Concello de Pontevedra, ao que dirixiu escritos cominatorios de extrema gravidade.

Filgueira xustificou aquela política urbanística ante a necesidade tan urxente que a cidade tiña de contar con novas vivendas, situación agravada coa paralización sufrida durante todo o seu mandato polo desenvolvemento do polígono de Campolongo¹⁵.

Fose o que fose, a política urbanística fóiselle das mans e o estado da cuestión agravouse moito durante o último ano en que estivo na alcaldía. Filgueira viuse desbordado, e sentiuse incapaz de conseguir un consenso mínimo entre unha corporación moi enfrontada, con moitos intereses en xogo non sempre claros.

A situación urbanística enrareceuse, moi especialmente a partir do mes de marzo de 1968, aínda que xa chovía sobre mollado. Sucesivos plenos extraordinarios resultaron infrutuosos para acadar unha regulación consensuada

¹⁵ Aprobado polo Consello de Ministros o 22 de decembro de 1961, cun investimento próximo aos 30 millóns de pesetas, o polígono de Campolongo englobaba a construción de 1.350 vivendas. O seu desenvolvemento dilatouse moito a causa do atraso sufrido pola nova liña férrea, estación da Parda incluída. A primeira licenza para a construción dun edificio non sei concedeu ata finais de 1968.

das alturas das edificacións, tal e como reclamaba a Comisión Provincial de Urbanismo, co propio gobernador civil, Ramón Encinas Diéguez, á fronte. Entón Filgueira decidiu tirar a toalla.

AXENDAS REVELADORAS

As anotacións realizadas por Filgueira nas citadas miniaxendas de peto que manexou como útiles guías do seu acontecer diario, antes, durante e despois da alcaldía, achegan hoxe unha luz suficiente para seguir os seus pasos naquela triste despedida:

O 2 de maio de 1968, Filgueira tivo que chegar á casa pola noite completamente desalentado tras a tensa batalla dialéctica que tivera lugar nun pleno extraordinario. De novo o caos urbanístico e o consenso imposible. Os seus esforzos por achegar as posicións enfrontadas entre varios edís resultaran inútiles, unha vez máis.

A súa axenda non di se aquela noite puido ou non conciliar o sono. En cambio, si sinala que ao día seguinte, 3 de maio, colleu o TER en dirección a Madrid e alí permaneceu ata o día 9. Todo fai pensar que Filgueira tomara o día anterior a decisión de presentar a súa dimisión irrevogable.

Durante todo ese tempo que permaneceu na capital de España, Filgueira despregou unha notable actividade, entre visitas a organismos e comidas con personalidades. Á súa chegada a Madrid probablemente solicitou a audiencia correspondente no Ministerio da Gobernación, porque non tivo oportunidade de facelo coa debida antelación. Esa cita non se oficializou ata o día 8.

Aquel día clave estivo con Manuel Fraga e Pío Cabanillas, máximos responsables do Ministerio de Información e Turismo, dous bos amigos que nunca deixaron de colaborar con Filgueira durante a súa estancia na alcaldía. Sen dúbida a ambos anticipou a súa firme decisión de abandonar o Concello de Pontevedra. Un par de horas máis tarde seguramente consumou a súa renuncia no Ministerio da Gobernación.

Á mañá seguinte, antes de coller o tren de regreso, Filgueira almorzou en Madrid co gobernador civil, Ramón Encinas, e con Luís Sánchez Cantón, representante legal do Concello de Pontevedra na capital de España. O principal motivo non puido ser outro que comentar o desenvolvemento da entrevista ministerial, coa dimisión enriba da mesa.

O desenlace final non se fixo esperar moito, sinal inequívoco de que Filgueira se mostrou expeditivo ante a Superioridade¹⁶. Dúas palabras no oco da súa axenda

16 A Superioridade con maiúsculas era un termo socorrido, que se utilizou moito durante o réxime franquista, cada vez que se quería aludir a alguén importante, pero sen amentar o seu nome, nin entrar en detalles sobre calquera resolución.

correspondente ao día 20 de maio eran suficientemente elocuentes: “gobernador”, “saída”. Ou sexa, chamada ou encontro coa máxima autoridade provincial, quen lle comunicaría oficialmente a aceptación da súa renuncia.

A partir daquel día, Filgueira dedicouse a ordenar e recoller papeis no Concello e tamén a preparar o seu último pleno municipal do día 31 de maio, cunha longuíssima orde do día para resolver bastantes asuntos pendentes. Ao día seguinte, 1 de xuño, o Goberno Civil fixo pública a aceptación da súa petición de substitución, ao tempo que anunciou a designación como novo alcalde de Ricardo García Borregón¹⁷.

Despois daqueles oito anos e medio tan intensos en que a cidade ía máis rápido que o Concello, seguramente abandonou a alcaldía cun sabor agridoce. Non renegou nunca daquel período. Pero tampouco sacou peito e calou para non molestar a ninguén. Os seus silencios ao respecto poden interpretarse hoxe como moi elocuentes.

Ao final do seu mandato presentou unha folla de servizos á cidade con poucas obras magnas; atragoadas e non materializadas nalgúns casos, como a urbanización do polígono de Campolongo ou a cesión dos terreos do trazado do ferrocarril ao seu paso pola cidade, incluída a antiga estación.

En cambio, sumou moitos pequenos grandes proxectos e non poucas actuacións meritorias; algunhas delas a golpe de subvención vai e subvención vén, moi traballadas nas súas incontables xestións ministeriais. Os cartos non caían do ceo; había que pelexalos moito. Nesa tarefa, Filgueira foi un ás.

Pouco antes de morrer dixo que lle gustaría ser recordado “como mestre e como catedrático; como fundador do Museo Provincial e do Seminario de Estudos Galegos Padre Sarmiento”. Nin unha palabra á súa condición de alcalde¹⁸.

Mediador, perseverante, detallista, astuto, cerimonioso, amañador, poliédrico no fin de contas...

Filgueira nunca foi amigo do enfrontamento e a liorta; preferiu sempre a negociación e o convencemento. Moitas veces estivo disposto a dicir aquilo que o seu interlocutor quería oír, con tal de obter o que buscaba lograr. No exercicio da alcaldía plasmou as súas mellores virtudes e os seus peores defectos porque, ao final, Filgueira foi o mellor amigo e o peor inimigo de Filgueira.

17 O 3 de xuño pola tarde, sen a presenza do funcionariado, Filgueira acudiu por última vez ao Concello para recoller os seus papeis, e o día 4 fixo outra viaxe a Madrid. A súa axenda describe unha comida con Pazó Montes e unha visita posterior a Sánchez-Cantón, os seus dous grandes amigos e quizais valedores para acceder á alcaldía, probablemente para comentar os seus plans futuros. Algún testemuño persoal asegura que o pasou mal naquel tempo.

18 Entrevista de Filgueira con Antena 3 de Radio de Pontevedra desde o seu domicilio por vía telefónica en 1996, cuxa gravación conserva o autor deste relatorio, que acaba de ceder unha copia ao Museo de Pontevedra. Probablemente foi a última entrevista que concedeu en vida; nela fixo un superficial repaso a toda a súa traxectoria.